

## PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA - CURSO 2016/17

**I.E.S. GREGORIO  
FERNÁNDEZ**

**RECUPERACIÓN DAS MATEMÁTICAS DA ESO DE CURSOS ANTERIORES**

### Procedementos e instrumentos de avaliación

Repartirase a materia en tres avaliacións e en cada unha delas entregaráselle ao alumnado un boletín de exercicios que será entregado ao profesor na data prefixada. Posteriormente faráselle unha proba escrita baseada nese boletín. De non entregar algún boletín na data prevista, o alumno perderá o dereito a facer os exames parciais e pasará a examinarse no exame final de maio.

O alumnado que non supere a materia pendente por avaliacións (nota media das tres partes redondeada maior ou igual que 5, tendo un mínimo de 3 en cada parte) terá que facer o exame final no mes de maio. O alumno que teña só unha avaliación suspensa repetirá só esa parte. Os demais casos farán o exame de toda a materia.

A nota final da materia pendente será a nota media das tres avaliacións, redondeada ó enteiro máis próximo e aumentada nun punto se o alumno supera a materia do curso actual.

De non superar a materia deste xeito poderá presentarse á proba escrita extraordinaria do mes de setembro. Estas probas se considerarán superadas cunha nota (redondeada) igual ou superior a 5.

### Contidos

	1ª AVAL	2ª AVAL	3ª AVAL
<b>PENDENTES 1º ESO</b>	Números naturais. Divisibilidade. Números enteiros. Números decimais.	Fraccións. Proporcionalidade e porcentaxes. Álgebra.	Xeometría. Táboas e gráficas. Estatística e probabilidade.
<b>PENDENTES 2º ESO</b>	Divisibilidade e números enteiros. Sistema decimal de numeración. As fraccións	Proporcionalidade e porcentaxes. Álgebra. Ecuacións. Teorema de Pitágoras. Semellanza.	Corpos xeométricos. Volumes Funcións. Estatística e probabilidade
<b>PENDENTES 3º ESO</b>	Números racionais. A linguaxe alxebraica. Ecuacións	Sistemas de ecuacións. Funcións. Xeometría no plano.	Figuras no espazo. Estatística. Probabilidade.

### Plan de traballo

As datas de entrega, recollida de exercicios, exames parciais e exame final son:

DATAS	Entrega exercicios profesor	Entrega exercicios alumno	Examen
<b>1ª AVAL</b>	Mércores, 5 Outubro	Mércores, 9 Novembro	Mércores, 16 Novembro
<b>2ª AVAL</b>	Mércores, 11 Xaneiro	Mércores, 15 Febreiro	Mércores, 22 Febreiro
<b>3ª AVAL</b>	Mércores, 29 Marzo	Mércores, 3 Maio	Mércores, 10 Maio
<b>EXAME FINAL:</b>		Mércores, 24 Maio	

Sarria, a 1 de outubro de 2016  
O/A profesor/a

Asdo: Carlota Pardo Sánchez